

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E O GRUPO COMPOSTELA DE UNIVERSIDADES, PARA A ORGANIZACIÓN DO XXVII PREMIO INTERNACIONAL "GRUPO COMPOSTELA – XUNTA DE GALICIA", RELACIONADO CON ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN, ESTUDO E DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL E UNIVERSITARIO

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2023.

COMPARECEN

D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, nomeado mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG número 94, do 16 de maio), en virtude da competencia atribuída polo artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Dna. María Teresa Carballeira Rivera, secretaria executiva da asociación Grupo Compostela de Universidades, en virtude da competencia outorgada polo Comité Executivo da asociación o 2 de febreiro de 2017 e ratificada polo Consello Xeral da asociación na súa reunión celebrada na Universidade de Salamanca o 6 de setembro de 2018.

Ambas as dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

MANIFESTAN

Primeiro

Que a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril (BOE do 28 de abril de 1981), que aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, establece, no seu artigo 31, a competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia na regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades.

Segundo

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no ámbito das súas competencias, está interesada en potenciar o desenvolvemento de actividades relacionadas con estudos e investigacións, así como a orientación, promoción, difusión e información do Sistema universitario de Galicia, que sexan desenvolvidas por entidades públicas ou privadas,

tanto a nivel nacional como internacional, e especialmente europeo tendo en conta a relevancia e interese social das mesmas.

Terceiro

Que o Grupo Compostela de Universidades é unha asociación sen ánimo de lucro que integra a unha gran diversidade de universidades de toda Europa, nas que están incluídas as tres que conforman o Sistema universitario de Galicia. A dita asociación ten por obxectivos primordiais:

1. O fortalecemento das canles de comunicación entre as universidades adscritas á asociación
2. A organización de programas e actividades que teñen por finalidade o estudo e debate en cuestións de índole europea
3. O fomento da mobilidade e o intercambio de información, como base para o coñecemento das diversas formas culturais

Cuarto

Ambas as dúas partes teñen a vontade de establecer vías de colaboración tendentes á elaboración e realización de actividades e programas específicos de interese común.

Quinto

Todas estas circunstancias motivan unha especial atención por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia a colaborar co Grupo Compostela de Universidades na realización de actividades encamiñadas á internacionalización do Sistema universitario de Galicia e ao recoñecemento da excelencia universitaria, e a tal efecto,

CONVEÑEN

Primeiro. Obxecto do convenio.

É obxecto do presente convenio de colaboración establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Grupo Compostela de Universidades para a organización do XXVII Premio Internacional "Grupo Compostela – Xunta de Galicia" correspondente ao ano 2023. O dito premio está dedicado especialmente a valorar ás persoas ou institucións significadas polo seu traballo, estudos, in-

vestigación e divulgacións en prol da unidade europea ou a preservación do patrimonio cultural do noso continente.

Dado que o Grupo Compostela de Universidades é o único que pode desenvolver esta acción, non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública.

Segundo. Obrigas do Grupo Compostela de Universidades.

Son obrigas do Grupo Compostela de Universidades a organización do acto de entrega do Premio, o que inclúe tamén as reunións previas do xurado, así como dirixir, organizar ou participar en actos públicos como conferencias, foros, seminarios, cursos, ou similares que teñan por obxectivo a divulgación do Premio, usando para estes fins as súas instalacións, medios materiais e recursos humanos.

Terceiro. Obrigas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Son obrigas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades as seguintes accións:

- Formar parte do xurado encargado de estudar as candidaturas presentadas para a súa concorrência no XXVII Premio Internacional "Grupo Compostela-Xunta de Galicia", representada a través do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (presidente do xurado) e dous representantes máis que actúen como vogais.
- Financiar parte dos gastos correntes e de funcionamento necesarios para este fin. A dotación para o exercicio 2023 establécese en doce mil seiscentos dez euros (12.610,00€).

Cuarto. Financiamento.

O custo destas accións ascende a dezanove mil catrocentos oitenta e cinco euros (19.485,00 €). A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades aportará a cantidade de doce mil seiscentos dez euros (12.610,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 10.03.422C.444.6, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Quinto. Pagamento e xustificación.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades efectuará o libramento das cantidades establecidas na cláusula cuarta do presente convenio, despois da presentación da certificación da secretaria executiva do Grupo Compostela de Universidades, ou quen

teña a delegación, que conteña unha relación dos gastos correntes e de funcionamento correspondentes a cada unha das actividades realizadas, xuntando á mencionada certificación os xustificantes dos gastos debidamente compulsados. No caso que o custo final fora inferior a 19.485,00€, a achega da consellería diminuírase proporcionalmente.

Así mesmo, para a materialización do referido libramento será necesaria a emisión dunha certificación favorable da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación dos respectivos gastos. Ademais, os asinantes facilitarán toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da comunidade autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexto. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno.

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Grupo Compostela de Universidades consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. A reserva que puideran facer os peticionarios no senso de non autorizar a obtención dos datos ou á publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que se expresar, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións e outras axudas públicas.

Así mesmo, estarase ao disposto nos artigos 4 e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a obriga específica de subministración de información e as obrigas específicas de información sobre convenios.

Sétimo. Natureza e réxime xurídicos.

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. O seu réxime xurídico ven determinado pola súa normativa específica, de acordo cos artigos 4 e 6 apartado 2, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/ 23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que o exclúe do ámbito de aplicación da lei, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que se susciten.

A posible discrepancia na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolverase por diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento prevista na estipulación oitava.

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto do dito convenio e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle pode esixir á consellería ningunha responsabilidade, nin indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do mesmo.

Oitavo. Comisión de seguimento.

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, crearase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes.

As cuestións non resoltas no seo da comisión mixta de seguimento e control se resolverán na forma establecida pola xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo, a comisión mixta desenvolverá un marco de negociación de indicadores de seguimento e impacto desta acción que serán de aplicación nos convenios que se asinen en exercicios sucesivos.

Noveno. Causas de resolución do convenio.

Este convenio resolverase:

- a Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver este convenio, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo. Vixencia do convenio.

O presente convenio de colaboración manterá a súa vixencia desde o día da súa sinatura ata o día 30 de novembro de 2023, no que deberán estar realizadas as actividades obxecto do presente convenio, agás que algunha das partes o denuncie, por escrito, por incumprimento das obrigas que nel se recoñecen.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Román Rodríguez González

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

María Teresa Carballeira Rivera

A secretaria executiva do Grupo Compostela de Universidades